

DECLIVE E EPILOGO

CREDITOS

Traducido ao galego desde o orixinal inglés por Xurxo Diz Pico.

Podes atopar máis material en galego (e castelán) para Fiasco en <https://xurxodiz.eu/>

TABOA DE DECLIVE

■ CAOS

- Unha arroutada violenta e descontrolada
- Unha persecución frenética
- ▣ Libérase un animal perigoso (talvez metafórico)
- ▣ Unha autodestrución gloriosa
- ▣ Axuste de contas a sangue fría
- ▣ Paixón equivocada

■ TRAXEDIA

- Morte, de súpeto
- Unha vida muda irreversiblemente para mal
- ▣ Dor, seguida de confusión
- ▣ Morte, na hora certa
- ▣ Confusión, seguida de dor
- ▣ Morte, tras un forcexo desagradábel

■ INOCENCIA

- Alguén non che era tan inocente
- Un veciño vai e tópase coa situación
- ▣ Apresan o fulano que non é
- ▣ Danos colaterais
- ▣ O lado feo do amor
- ▣ Un estraño con boas intencións mete o fociño

❖ CULPA

- ▣ Unha visita das autoridades (oficiais ou non)
- ▣ Traizón das amizades
- ▣ A alguén lle veñen remorsos
- ▣ Avaricia que leva a asasinato
- ▣ Alguén entra en pánico
- ▣ Enfrontamento épico

❖ PARANOIA

- ▣ Chega un forasteiro a axustar contas
- ▣ Parecía potra pero non o era: estaba todo pensado
- ▣ Dous camiños se cruzan e todo muda
- ▣ Unha reviravolta (de estatus, de sorte, de afinidades)
- ▣ O que roubaches foi roubado
- ▣ Hai alguén a vixilar, agardando o seu momento

❖ FRACASO

- ▣ Un plan idiota executado á perfección
- ▣ Algo prezado está a arder
- ▣ Un erro minúsculo trae a ruína
- ▣ Un plan ben pensado esborrállase
- ▣ Pensaches que xa estaba todo arranxado pero non
- ▣ O medo leva a unha decisión funesta

EPILOGO: MAIS NEGRO

Cero: O peor do universo. Case seguro que isto non inclúe a morte, xa que a morte sería moito mellor que o que for isto. Sé creativo e non te conformes coa primeira cousa pésima que se che ocorra — hai ideas máis tebrosas, máis truculentas, máis depravadas.

Un negro: Horrible. Probablemente esteas morto. Hai outros, probablemente xente inocente, que están mortos tamén. Non houbo xustiza, nin clemencia, todo se escarallou completamente e por riba éche todo —todiño— culpa túa.

Dous negro: Brutal. Para empezar, feridas das que nunca curan: un ronsel de membros mutilados, explodidos ou queimados no teu camiño a un magnífico fracaso vergoñento. Despídete de todo o que che importou algunha vez. Pode que morras, pode que non.

Tres negro: Duro. Duro de carallo. Duro de pasarte o resto da vida con pastillas. Vénche enriba unha borrasca de merda que vas flipar. Aquilo que necesitabas que ocorrese non vai ocorrer, asímeo.

Catro negro: Salvaxe. Salvaxe tipo cousas quebradas ou esmagadas. Talvez quedes cunha coxeira permanente e unha mala reputación. E por riba, fracasas por completo.

Cinco negro: Cru. Vas papar ostias como unha mula, e lembrarás este día o resto da túa mísera vida. A lección de hoxe será fonda, duradeira e dolorosa.

Seis-sete negro: Patético. Sufrirás, vas ver ti se sufrirás. E todos han saber das túas feitorías, das túas babecadas e da túa falta de sentidiño e de decencia. Seguramente acabes no caldeiro, tamén.

Oito-nove negro: Nada do outro mundo. De volta para o comezo. Quizá esteas dorido e sen branca, como estabas onte e como estarás mañá. Con certeza terás aprendido algo, porén, e para a próxima sairá mellor. Para a próxima.

Dez-doce negro: Bastante ben. Pois, así en conxunto, aínda saíches ben airoso desta. Un pouquiño mellor, mesmo; talvez marchas cun namorisco, ou polo menos non te cacharon, que xa é algo.

Trece ou máis negro: Fantástico. Incrivelmente xenial. Non só sairás indemne, senón que se é posíbel, tamén botarás algún foguete. Mesmo pode que acabes sacando unha boa chea de cartos disto, quen sabe? Hora de mercar un deportivo.

EPILOGO: MAIS BRANCO

Cero: O peor do universo. Case seguro que isto non inclúe a morte, xa que a morte sería moito mellor que o que for isto. Sé creativo e non te conformes coa primeira cousa pésima que se che ocorra — hai ideas máis tebrosas, máis truculentas, máis depravadas.

Un branco: Catástrofe. Morriches, con certeza; probablemente debido a algo que ti mesmo fixeches. A xente que che importa tamén está morta con case total seguridade, talvez por mor do teu propio fracaso incompetente. Estableciches un novo récord do que significa cagala ben cagada.

Dous branco: Calamidade. Pode que non parezas morto por fóra, pero estás morto de carallo por dentro. As feridas mentais e emocionais que sufriches non van curar na vida. O teu futuro é un abismo.

Tres branco Nefasto. O estrés e trauma que levas da túa aventuriña non te van deixar durmir nin morto. Fáltanche anacos tanto na alma como no corpo. Farás chorar aos nenos cando te achegues. Todos os teus plans acabaron na ruína.

Catro branco: Amargo. Agora xa sabes o que é ser arrastrado e esmagado fulminantemente. Os teus inimigos rin na túa cara e ti, indefenso, tes que tragar o teu orgullo e ficar mudo e impotente ante eles.

Cinco branco: Miserable. Humilláronte publicamente de tal xeito que calquera reputación que tiveses caeu esnaquizada ao teu redor. Non poderás volver lembrar estes días sen teres calafríos de espanto pola túa estupidez arrogante.

Seis-siete branco: Frouxo. Oes, cacháronte, malláronte e derrubáronte, pero polo menos algo aprenderías sobre a avaricia e fraxilidade do ser humano, non? Vaiche vir ben na cadea, que é onde vas ir dar con toda probabilidade.

Oito-nove branco: Nada do que presumir. Non saiu ben, pero tampouco mal. Pode que espetases o carro, ou te deixase a parella, ou teñas que ir a xuízo. Pero comparado con como acabaron outros...

Dez-doce branco. Sen queixa. Conservaches a dignidade, de pura chiripa. Pode que até sacases algo de beneficio, ou de amor propio, ou así. Vai celebralo coa túa xente.

Trece ou máis branco: A puta ostia. Estás san e salvo e co vento en popa. Sabes aquilo co que soñabas para mellorar a túa vida? Conseguíchelo, por triplicado e cunha guinda encima. A gozar!